

NOVAS: 03/10/2016.

Hoxe luns, 3 de outubro, publícase no Diario Oficial de Galicia a resolución pola que se regula o procedemento de cobertura temporal de postos de traballo do persoal funcionario sanitario da escala de saúde pública e administración sanitaria da Comunidade Autónoma de Galicia, creada pola Lei 17/1989, do 23 de outubro.

Coa devandita resolución, se determinan as novas bases do réxime xurídico aplicable a todos os nomeamentos temporais que resulte preciso formalizar nas diversas clases de persoal funcionario da escala de saúde pública e administración sanitaria, consonte a unhas listaxes confeccionadas ao abeiro da devandita resolución.

Entre outros aspectos destacables, se regulamentan os requisitos de participación e admisión nas referidas listas, os procedementos de inscrición nas mesmas e os procedementos de acreditación de requisitos e méritos (que en todo caso se vehicularán a través do *Expediente Profesional Electrónico/FIDES*), o baremo aplicable á súa confección e as normas reguladoras da xestión de chamamentos ás persoas aspirantes.

Porén, nos termos previstos na disposición transitoria desta resolución, en breves datas se procederá á publicación da resolución que habilite o inicio do prazo de inscrición de persoas aspirantes nas referidas listaxes, as cales se crearán, con ámbito único para toda a Comunidade Autónoma, nos colectivos profesionais que se indican de seguido:

- Clase de inspector/a médico/a.
- Clase de inspector/a farmacéutico/a.
- Clase de farmacéutico/a inspector/a de saúde pública.
- Lista xeral de licenciado/a sanitario/a: licenciado/a en medicina e cirurxía, licenciado/a en farmacia, licenciado/a en ciencias químicas, licenciado/a en ciencias biolóxicas, licenciado/a en psicoloxía.
- Clase de subinspector/a sanitario/a.
- Clase de ATS/DUE.